

**Resolución do 09 de marzo de 2017, da comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas resultante do período de actualización, convocado por resolución do 22 de setembro de 2016 do Director-Xerente (DOG 30 de setembro de 2016), pola que se fai pública a relación de candidatos que non acreditaron o coñecemento do idioma galego, e se convoca a realización da proba de galego e outros acordos.**

En sesión que tivo lugar o día 09 de marzo de 2017, a comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen os procesos, entre outros, ACORDOU:

**Primeiro.- Aprobar a relación de candidatos que non acreditaron o coñecemento do idioma galego.**

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.1 e bases específicas 1.4.1 que rexen o proceso, acordou aprobar a relación de candidatos que non acreditaron o coñecemento do idioma galego mediante a presentación de diploma, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística.

**Segundo.- Facer pública a listaxe de candidatos que non acreditaron o coñecemento do idioma galego.**

De conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.1 e bases específicas 1.4.1 que rexen o proceso, acordou facer pública a listaxe de candidatos que non acreditaron o coñecemento do idioma galego mediante a presentación de diploma, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e que se relacionan como Anexo I adxunto á presente resolución.

**Terceiro.- Convocar á realización da proba oral.**

De conformidade co disposto nas bases xerais 1.6.1 e bases específicas 1.4.1 das que rexen o proceso, acordou convocar ós candidatos que se relacionan no Anexo I para a realización da proba oral de galego.

**Cuarto.- Data, hora e lugar para a realización da proba e desenvolvemento da mesma.**

De conformidade co disposto nas bases específicas 1.4.1 das que rexen o proceso, a proba de galego no proceso de selección para o ingreso nas listas previas na categoría de Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas resultante do período de actualización de méritos, realizarase de acordo co disposto a continuación:

A proba realizarase de forma conxunta para as categorías de Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro Técnico Forestal, Enxeñeiro Técnico Agrícola, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, Arquitecto e Arquitecto Técnico.

DATA: 15 de marzo de 2017.

HORA: Ás 12:00 h.

LUGAR: Centro Empresarial do Polígono do Tambre.

DIRECCIÓN: Vía Edison nº 1, 15890 Santiago de Compostela (A Coruña)

Os chamamentos serán únicos, e a orde de actuación dos candidatos realizarase según o disposto no Anexo I desta resolución, comezando alfabéticamente pola letra “O”.

O tempo máximo para a realización da proba será de 15 minutos.

Serán excluídos aqueles candidatos que non comparezan, non sendo os casos debidamente xustificadas libremente apreciados pola comisión de selección. Neste suposto, os candidatos disporán ata o día seguinte da realización da proba para achegar ditos xustificantes. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións da comisión de selección neste punto. Non obstante, de acordo co disposto no apartado 1.4.1 das bases específicas, non quedarán excluídos aqueles candidatos que non se presenten a esta proba pero acrediten o coñecemento de galego mediante presentación do correspondente diploma ou certificado no período de presentación de emendas.

A comisión de selección comprobará a identidade dos candidatos antes do inicio da proba, para o cal os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluídos igualmente quen non poida acreditar a súa identidade, ao xufzo da comisión de selección.

Non se permitirá no recinto onde se realice a proba o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico. Así mesmo, queda prohibido o acceso ó recinto con calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o candidato para auxiliarse na realización do exercicio. Advírtese que non haberá servizo de recollida do referido material, instrumento ou dispositivos.

A comisión de selección contará cun asesor especialista para a súa colaboración na proba de galego, que se limitará a prestar asesoramento na súa especialidade, e terá voz pero non voto.

**Quinto.- Criterios de cualificación dos candidatos na proba.**

A proba de capacidade da lingua galega pretende diagnosticar o grao de competencia dos candidatos en función da súa competencia lingüística (comprensión auditiva e expresión oral) e comunicativa para desenvolverse no cumprimento do posto de traballo. Búscase que o candidato poida interactuar en galego, en situacións que se van dar frecuentemente no desenvolvemento do posto de traballo, que poida expresarse e entenderse clara e detalladamente, e que poida comunicar, de forma adecuada, consellos, opinións, desexos e necesidades.


A proba consistirá nunha conversa sobre diferentes temas na que se valorarán exclusivamente as destrezas lingüísticas do individuo, valorándose conxuntamente tanto a comprensión auditiva (se entende o que se lle di) como a expresión oral (como fala) dun xeito global.

Esta proba valorarase como apta ou non apta, correspondéndolle á comisión de selección determinar o nivel de coñecemento esixido para acadar o resultado de apto.

En Santiago de Compostela a 09 de marzo de 2017.

A presidenta da Comisión de selección.

Asdo.- M<sup>a</sup> Jesús Cobas Ríos.



**CONVOCATORIA PROBA DE GALEGO ENXEÑEIRO  
TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS 2017  
(Actualización LP 2016)  
ORDE DE CHAMAMENTO**

---

D.N.I. ou Eq.	Datos Persoais	Hora
35624851J	MARTINS CORREIA, CATIA SOFIA	12:00